



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO PARA A RECUPERACIÓN CULTURAL - AMBIENTAL NA CONTORNA DO PAZO DE TRASALBA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar coa Fundación Otero Pedrayo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Otero Pedrayo para realizar as actuacións de reconstrución da paisaxe do medio rural e os xardíns que posiblemente rodeaban a Casa Grande de Trasalba en tempos de Don Ramón e que na actualidade se atopan moi deteriorados. Trátase de levar a cabo os traballos precisos e acadar os obxectivos de recuperación cultural - ambiental na contorna do Pazo de Trasalba

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrencia pública para a realización desta actuación. Preténdese conservar aqueles valores de uso, elementos paisaxísticos e botánicos, que permiten interpretar as vivencias que D.Ramón tivo na súa estadía en Cima de Vila. Trátase de levar a cabo os traballos precisos e acadar os obxectivos de recuperación cultural - ambiental na contorna do Pazo de Trasalba. É a Fundación Otero Pedrayo a encargada de manter viva a memoria e obra de D. Ramón, ademais de manter o estado e asistencia ás instalacións da Casa Grande de Cimadevila e a súa contorna.

Por todo o anterior é a Fundación Otero Pedrayo a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

